



RESOLUCIÓN DE INICIO DO PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN DE PERSOAS ADXUDICATARIAS DE VIVENDAS DE PROTECCIÓN AUTONÓMICA

1. CONSORCIO CASCO VELLO DE VIGO, presenta solicitude de inicio do procedemento de selección de persoas adxudicatarias das vivendas incluídas no expediente da vivenda de protección autonómica de réxime concertado número P09-VC-0001/24.

2. Trala comprobación da documentación achegada, queda acreditado cumprimento dos requisitos establecidos no Decreto 1/2010, do 8 de xaneiro, *polo que se regula o Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia e a adxudicación das vivendas protexidas, así como das acollidas a programas de acceso á vivenda con axudas públicas*, consonte co establecido nos artigos 32 e seguintes do citado Decreto 1/2010.

Á vista do exposto, e ao abeiro do artigo 5.4 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia,

RESOLVO:

1. Declarar a apertura do procedemento de selección de persoas adxudicatarias no expediente de vivenda protexida de promoción privada de réxime concertado núm P09-VC-0001/24.

As características da promoción son as seguintes:

Localización: Rúa Elduayen núm.31 (Elduayen /Ferrería) , Vigo

Data da Cualificación Provisional: 29 de agosto de 2024

Forma de acceso: Compra

Número e tipoloxía das vivendas: 5 para quenda Xeral.

- Elduayen:
 - Planta 2, tipo 2A (55,44 m²): Vestíbulo, estancia maior-cociña, 2 dormitorios, cuarto de baño e lavadoiro tendal.
 - Planta 3, tipo 3A (58,02 m²): Vestíbulo, estancia maior-cociña, 2 dormitorios, cuarto de baño e lavadoiro tendal.
 - Planta 4, tipo 4A (59,01 m²): Vestíbulo, estancia maior-cociña, 2 dormitorios, cuarto de baño e lavadoiro tendal.





- Ferrería:
 - Planta baixa e semisótano, tipo B (87,06 m²): estancia maior-cociña, 1 dormitorio e 1 cuarto de baño en planta baixa de acceso e 2 dormitorios, 2 cuartos de baño e lavadoiro tendal en planta semisótano.
 - Planta baixa, primeira e segunda, tipo C (107,07 m²): estancia maior-cociña e lavadoiro tendal na planta primeira e 2 cuartos de baño e 3 dormitorios na segunda planta.

Anexos vencellados ás vivendas:

- Vivenda 2A: rocho R2 (4,27 m², Primeiro Andar)
- Vivenda 3A: rocho R3 (4,00m², Primeiro Andar)
- Vivenda 4A: rocho R4 (6,18 m², Primeiro Andar)

Prezos de venda (sen IVE):

Vivenda	Rocho	Prezo viv+Rocho
2A	R2	125.000,00 €
3A	R3	132.000,00€
4A	R4	138.000,00 €
B		185.000,00 €
C		235.000,00 €

Forma de pagamento: Na data da escritura de compravenda.

2. Outorgar ás persoas interesadas que, na data desta resolución de inicio, estean inscritas e anotadas no Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia no réxime, forma de acceso e localidade desta promoción, un prazo de quince días hábiles, contados dende o seguinte ao da derradeira publicación desta resolución de inicio, para solicitar a súa inclusión no procedemento de adxudicación, segundo o modelo que se xunta como anexo, nos termos do disposto no artigo 35 do citado Decreto 1/2010. Non se admitirán solicitudes non axustadas ao modelo anexo.

Pontevedra, na data da sinatura electrónica

O director territorial da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas

José Manuel González González

